



.....

Seminario

# Os arquivos sonoros: memoria e patrimonio

.....

**Consello da Cultura Galega**  
Santiago de Compostela  
5 e 6 de febreiro de 2020



O Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega obedece á sensibilidade impulsada pola UNESCO desde que en 1980 recoñeceu que os documentos audiovisuais, nos cales se inclúe o son, forman parte da herdanza da Humanidade. Responde así ao interese por salvagardar os sons naturais e artificiais que conforman a ecoesfera terrestre en Galicia e que, na maioría dos casos, se perden no mesmo momento de producirse. Os primeiros pasos para gardar o son apenas teñen cen anos, dende que a radio, a industria discográfica, os artistas sonoros e audiovisuais e mesmo os investigadores da palabra falada comezaron a facer as primeiras gravacións, na maioría dos casos desaparecidas pola falta de sensibilidade ou de medios tecnolóxicos. Coa dixitalización ábrese unha vía para a conservación dos antigos materiais producidos en soportes analóxicos e un camiño para a conservación dos novos, que facilitará a conservación de rexistros sonoros que desaparecen pola evolución fisiolóxica das persoas, o cambio climático ou se extinguen pola evolución tecnolóxica e a desaparición de rutinas produtivas artesanais.

Neste momento, o Arquivo Sonoro de Galicia conta con máis de 20 000 rexistros sonoros, procedentes de adquisicións e doazóns entre os que se atopan 7000 rexistros, das emisións de RNE en Galicia ao longo da segunda metade do século XX. Unha das xoias do ASG é a colección de máis de setecentos discos de pedra producidos en Galicia ou con contidos galegos, moitos dos cales xa se poden oír na web do Arquivo. As “lousas” son pezas únicas, cunha tiraxe de 200 exemplares que non son exactamente iguais entre si. Na maior parte son gravacións impulsadas dende a emigración para levar a América os sons de Galicia.

Este Seminario sobre Memoria e Patrimonio está dirixido a persoal do ámbito arquivístico, comunicativo, investigador, historiador e persoas en xeral interesadas no estudo e conservación sobre o patrimonio sonoro. Con el preténdese concienciar sobre o valor identitario do son e afondar nas técnicas de dixitalización que permitan a súa conservación para o futuro da man de recoñecidas especialistas con longa experiencia na preservación do son, na radio como fonte documental sonora, o son como creador de identidade, a análise acústica perceptiva e afectiva das paisaxes sonoras e os mapas sonoros como recurso colaborativo para a identificación acústica dun país.

# Programa



## Mércores, 5 de febreiro Sesión da mañá

9:45 horas  
Inauguración

10:00 horas  
*A preservación dixital da obra audiovisual: Como almacenar un documento sonoro para o futuro*  
**Miquel Termens Graells**, decano da Facultade de Información e Medios Audiovisuais, Universitat de Barcelona

11:00 horas  
*A radio como fonte documental sonora*  
**Ángeles Afuera**, investigadora da Universidad Complutense de Madrid e exdirectora dos arquivos da Cadena Ser

12:00 horas  
Pausa

12:30 horas  
*Sonoridades compartidas?: identidade sonora, transformación urbana e comunidade nun barrio histórico de Lisboa*  
**Iñigo Sánchez**, investigador do INET-md, Instituto de Etnomusicología de Lisboa

## Sesión da tarde

16:00 horas  
Experiencia sonora: *Identidade sonora de Compostela*, guiada por **Xosé Ramón Pousa**, coordinador do Arquivo Sonoro de Galicia  
- 16:00 horas: Explicación da actividade, elección e repartimento de espazos acústicos da cidade.  
- 16:50 horas: Realización das gravacións.  
- 18:00 horas: Descarga e edición do material capturado.

## Xoves, 6 de febreiro Sesión da mañá

10:00 horas  
*Mapas sonoros e culturas emerxentes: Unha metodoloxía para a análise acústica perceptiva e afectiva das paisaxes sonoras nas Smart Cities*  
**Javier Suárez Quirós**, profesor titular da Universidad de Oviedo

11:00 horas  
Pausa

11:30 horas  
Mesa redonda *Os mapas sonoros como recurso colaborativo para a identificación acústica dun país*  
**Xabier Erkizia**, representante do Mapa Sonoro de Euskadi  
**Manuel Gago**, responsable do Mapa Sonoro de Galicia  
**Paulo Marques**, responsable do proxecto "Natural soundscapes in a changing world"

## **Organiza**

Arquivo Sonoro de Galicia (CCG)

## **Coordina**

Xosé Ramón Pousa

## **Lugar**

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n 15705

Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## **Inscripción**

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao seminario.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

## **Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....  
Organiza:

